

In memoriam

Carlos Cristos, moito máis que un médico

Francisco Vázquez Troitiño
Médico de Familia do C.S. Coruxo (Vigo)

Cad Aten Primaria
Año 2008
Volumen 15
Pág. 180-180

Ao peche da presente edición da Revista CADERNOS, enterámonos do pasamento, o día 26 de abril, do noso compañeiro CARLOS CRISTOS; aínda que aturdido pola noticia escribo estas breves liñas, por encargo dos editores, como recoñecemento dos Médicos de Medicina Familiar e Comunitaria de Galiza á labor de esta extraordinaria persoa.

Vaia por diante que a súa labor, que nestes últimos anos levou a cabo a través dun portal en internet, e sobre todo da película LAS ALAS DE LA VIDA pasará a Historia da Medicina como unha contribución de valor universal para poder entender o sufrimento humano, así coma a capacidade de transformar os reveses en modélicas experiencias satisfactorias.

Os que tivemos a fortuna de telo e sentilo cerca, sabemos que esta etapa foi resultado dos grandes valores que desenvolveu na súa vida:

Saben ben os compañeiros residentes de ese sentido práctico e polifacético de Carlos cando no peto da súa bata nunca faltaba a achuela para arranxar calquera aparato que se desaxustara no traballo. Cando a principios de 1980 sumouse ao carro da recén creada Especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, dende o primeiro momento estivo na vangarda do concepto dunha Atención Primaria (AP) Integral e de Saúde para Todos/as (era o espírito de Alma-Ata); consecuentemente estivo nas loitas pola transformación profunda contra o inmovilismo que representaba boa parte do poder político e profesional. Aportando ese cariz científico serio que enaltecía a loita. Este plantexamento e a loita por unha causa común e solidaria, que posteriormente o levará a África, foi o que fixo surxir o cariño e aprecio entre aqueles compañeiros/as que permanecerían para sempre, a pesares de vivir alonxados xeograficamente por establecerse coa súa familia en Mallorca.

Dende aquela sempre consideramos a Carlos como un amigo galego; aproveitabamos os Congresos para estar xuntos e compartir experiencias.

Así, cando no 2005, enterado da evolución da súa enfermidade, mandei un correo para él á Sociedade Balear de Medicina Familiar que llo remitiron a él, faltoulle tempo para contestar, e a partir de iso reactivouse a vella relación.

Así decubríñ máis grandezas de Carlos, caracterizadas por un gran sentido do progreso colectivo. Él dicía "O que ti fas é un pouco o que eu non podo...pero sinto como propio e prolonga a miña capacidade hacia o infinito..."; decateime da súa valentía para abordar o sufrimento e as limitacións cando fai súas as palabras do poeta "Se choras porque non ves o sol, as bágoas non che deixarán ver as estrelas"; dicía "hai moitas estrelas, coma a pel". Ese espírito científico e universal armonizouno con ese cariño que transmitía hacia Galiza e os nosos valores; así gustaba de tocar a gaita, especialmente a Muiñeira de Chantada do seu admirado Avelino Cachafeiro, gaiteiro de Soutelo; así, o título dun libríño de cantigas-poemas de Avelino "Voando coas ás da vida" xunto coa súa afición á "ala delta" deu orixe ao Título da xa famosa Película. Era o seu un amor ao noso total e así na última carta en agosto de 2007, xa moi limitado físicamente; daba as grazas polo que facíamos aquí e pedía perdón porque o copista que el tiña non podía escribir en galego... ¡E!, que tanto dou, dábame grazas a min! Facía así, gala desa humildade que caracteriza ás grandes persoas.

Carlos, na súa existencia transmitiunos o Amor aos máis necesitados, aos médicos de familia, á ciencia, á Galiza... e díxonos claramente que el seguirá á vivir no que fagamos cada un de nós de acordo con eses ideais. Agardo que non o defraudemos.

Galiza 26 de abril de 2008

FOTOGRAFÍA

Carlos Cristos, no centro da mesa do Congreso. Santiago 1984

